



ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. A ESCOLA INTERCULTURAL

XUNTA DE GALICIA

CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

**ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.
A ESCOLA INTERCULTURAL**

PRESENTACIÓN

Só unha adecuada atención á diversidade dos escolares pode facer viable a aplicación do principio de comprensividade. Que tódolos cidadáns acaden un mesmo nivel de educación básica esixe, en efecto, que as metodoloxías, os ritmos e mesmo os contidos das aprendizaxes teñan que acoplarse ás diversas condicións aptitudinais e situacionais que se dan entre o alumnado.

Como consecuencia do que sinalamos, un dos grandes retos que hoxe se presentan ós docentes, ós centros e, desde logo, ás administracións educativas, no seu empeño pola mellora cualitativa do sistema escolar, é, precisamente o de lograr poñer-los ensinos en liña coa efectiva diversidade aptitudinal dos educando.

Galicia, por outra banda, tradicionalmente lacerada polo andazo da emigración, atópase hoxe, por contra, na conjuntura de comezar a recibir poboación foránea, que está a introducir xa no noso sistema escolar nenos e nenas instalados en linguas e culturas diversas. A necesidade de que a escola respecte e acolla incluso con entusiasmo este factor engadido de diversidade introduce novos retos áinda que é preciso enfrentar e superar.

Por todas estas razóns hai que celebrar a iniciativa do Consello Escolar de Galicia de dispoñer la publicación do volume que agora presentamos, onde se recollen os traballos realizados polo noso Consello e os dos demais consellos Escolares autonómicos e o do Estado sobre o tema da atención á diversidade.

As reflexións, os debates e as conclusións a que chegaron os Consellos Escolares nas súas XI Xornadas, celebradas en Navarra na primavera de 2000, van ser de grande utilidade para as persoas e as institucións, empeñadas na efectividade dun ensino comprensivo e, ó mesmo tempo, diversificado e que, desde logo, asuma como enriquecedor o feito da pluralidade cultural, introducida no sistema escolar por unha poboación inmigrante que se prevé crecente nun futuro moi próximo.

*Celso Currás Fernández
Presidente do Consello Escolar de Galicia*

ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
<i>Presentación</i>	5
I. A atención á diversidade e a escola intercultural desde a perspectiva do Estado e das comunidades autónomas	9
I.1 Consello Escolar de Galicia	11
I.2 Consello Escolar de Andalucía	41
I.3 Consello Escolar de Asturias.....	63
I.4 Consello Escolar de Canarias	79
I.5 Consello Escolar de Cataluña.....	117
I.6 Consello Escolar de Euskadi.....	141
I.7 Consello Escolar de Navarra.....	169
I.8 Consello Escolar de Valencia	195
I.9 Consello Escolar do Estado	223
II. Conclusión e propostas de mellora da situación formuladas nos <i>XI Encontros de Consellos Escolares Autonómicos e do Estado</i>	227
III. Experiencias de atención á diversidade en institutos de Galicia	247